

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 7 de xuño de 2005 pola que se fan públicos os criterios de interpretación das bases reguladoras das axudas deste instituto para o programa de emprendedores.

O desenvolvemento das bases 3.3º a) e 3.3º b) do programa de emprendedores, nas que se definen os requisitos dos dous tipos de beneficiarios do programa (na base 3.3º a) os novos emprendedores e na base 3.3º b) as novas iniciativas innovadoras) presenta dificultades no sentido de relacionar as persoas xurídicas que van desenvolver as actividades subvencionables coas persoas físicas (base 3.3º a) ou xurídicas (base 3.3º b)) que teñan a condición de beneficiario e, no sentido contrario, determinar cando unha persoa física exerce unha actividade empresarial a través dunha persoa xurídica da que posúe unha parte do seu capital social.

Faise, por tanto, necesario establecer uns criterios que, sen alterar o fondo do disposto nas bases 3.3º a) e 3.3º b), posibiliten a determinación da condición de beneficiario das axudas previstas nas bases reguladoras dun xeito transparente e non discriminatorio e publícalos para o seu xeral coñecemento.

Por todo o anterior, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar os seguintes criterios de interpretación das bases reguladoras das axudas do Igape para o programa de Emprendedores, aprobados polo Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza con data do 26 de maio de 2005:

1. Considérase que teñen a consideración de novos empresarios dos definidos na base 3.3º a) aquelas persoas físicas, en que concorran as seguintes circunstancias:

-Non ter desempeñado con anterioridade unha actividade económica baixo a forma xurídica de empresario individual.

-Non ter participado en máis dun 20% no capital social dunha sociedade mercantil.

As circunstancias anteriores acreditaranse por regra xeral mediante a declaración responsable dos solicitantes, sen prexuízo das aclaracións documentais que puidese solicitar o Igape a través de: certificados de vida laboral da Seguridade Social, certificados de empresa de traballos desenvolvidos con anterioridade, certificados de alta en actividades económicas, certificacións do Rexistro Mercantil e outra documentación que soporte o currículum vitae presentado coa solicitude.

O Consello de Dirección do Igape, á vista das circunstancias que constan no expediente poderá

excepcionar o requisito de non participación no capital dunha sociedade mercantil aos emprendedores que xustifiquen a adquisición da dita participación a título de herdanza ou doazón, así como a non participación directa na xestión do negocio.

2. Considérase que as sociedades mercantís que van desenvolver as actividades económicas apoiadas polas axudas do programa de emprendedores e os beneficiarios deste programa (indistintamente os das bases 3.3º a) e 3.3º b) gardan unha relación directa entre si que permita ás primeiras desfrutar dos beneficios aos que teñen dereito os segundos, cando concorran as seguintes circunstancias:

-O conxunto de persoas, físicas ou xurídicas, que posúen a condición de beneficiario das bases 3.3º a) e 3.3º b) teñan unha participación igual ou superior ao 80% do capital social da sociedade mercantil que vai desenvolver a actividade económica. Esta participación poderá diminuír ata resultar igual ou superior ao 50% cando participe no capital unha sociedade de capital risco e/ou *business angels* e sempre que a participación doutras persoas diferentes das que teñan a condición de beneficiario e das consideradas como capital risco e/ou *business angels* sexa inferior ao 20% do capital social.

-Terán a condición de sociedade de capital risco aquelas inscritas como tales na Comisión Nacional do Mercado de Valores.

-Terán a consideración de *business angels* aqueles investidores que, independentemente da súa condición xurídica, consten inscritos como tales nunha rede formalmente constituída de *business angels*.

3. O Igape determinará sobre da condición de beneficiario, sexa da base 3.3º a) ou 3.3º b), de todas as persoas físicas ou xurídicas que, no plan de empresa sometido á cualificación consten como participantes no capital social. Nos casos en que a composición do capital social non se poida prefixar na súa totalidade, as resolucións de cualificación como emprendedor e de concesión de axudas e/ou préstamos deberán condicionarse a disposicións relativas á dita composición.

4. A consideración dun determinado proxecto emprendedor como novo emprendedor (base 3.3º a) ou nova iniciativa innovadora (base 3.3º b) será realizada polo Igape á vista de todas as circunstancias que concorran no proxecto concreto, entre elas, a consideración das persoas físicas ou xurídicas que van participar no capital social da sociedade mercantil que porá en marcha o proxecto.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2005.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 3 de xuño de 2005 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros de ensino pesqueiro, dependentes desta consellería.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, regula no capítulo VI do título V a selección e nomeamento dos directores dos centros públicos, mediante un concurso de méritos entre os funcionarios de carreira docentes dun corpo do nivel educativo e réxime ao que pertenza o centro, conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade. A selección deberá basearse nos méritos académicos e profesionais acreditados polos aspirantes, valorándose de forma especial a experiencia previa no exercicio de cargos directivos, e será realizada por unha comisión constituída por representantes da Administración e, polo menos, un trinta por cento de representantes do centro correspondente, dos cales, tamén polo menos o cincuenta por cento serán do claustro de profesores.

Procede, pois, convocar concurso de méritos para seleccionar os directores dos centros de ensino pesqueiro que rematan o seu mandato no actual curso académico 2004/2005.

Na súa virtude, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

DISPÓN:

Primeiro.-Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros de ensino pesqueiro, pertencentes á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que imparten ensinanzas de formación profesional específica.

A selección realizarase de conformidade cos principios de publicidade, mérito e capacidade.

Segundo.-Requisitos de participación.

1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeado director dun centro de ensino pesqueiro deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) Ser funcionario de carreira dun corpo do nivel educativo e réxime ao que pertenza o centro.
- b) Estar en situación de servizo activo.
- c) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos no corpo docente desde o que se opta.
- d) Ter impartido docencia directa na aula como funcionario de carreira, durante un período mínimo de cinco anos, nun centro de ensino pesqueiro que imparta ensinanzas do mesmo nivel e réxime.
- e) Estar prestando servizos nun centro da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, cunha antigüidade de polo menos un curso académico completo na data de publicación da convocatoria.

Terceiro.-Solicitudes e documentación.

1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro no modelo que se publica como anexo I nesta convocatoria, achegando ademais:

- a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica no anexo II a esta orde.
- b) Proxecto de dirección específico que recolla a proposta directiva en relación co proxecto educativo do centro.

2. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitiranlle ao centro docente unha copia do seu proxecto de dirección.

3. As solicitudes, así como a documentación a que se alude no punto anterior, poderase presentar nas secretarías dos centros, nas delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Selección de candidatos e comisión de selección.

1. A selección dos candidatos á dirección será efectuada por unha comisión nomeada pola directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro e constituída por:

a) Como representantes da Administración:

-O subdirector xeral de Ensino e Desenvolvemento Pesqueiro.

-A xefa do Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras.

-Un director dun centro do mesmo nivel e réxime.

-Un funcionario do Servizo de Ensino que actuará, ademais, como secretario da comisión.

b) Como representantes do centro correspondente:

-Dous representantes do Claustro de Profesores.

-Un representante do Consello Escolar.

2. En ningún caso os candidatos á dirección poderán formar parte de ningunha das comisións de selección.

3. No caso dos representantes do centro, o nomeamento realizarase logo da proposta do Claustro de Profesores e do Consello Escolar. Neste último caso a proposta non poderá recaer nun alumno menor de dezaseis anos.

4. A non selección dos representantes do Claustro de Profesores, ou do Consello Escolar non impedirá a continuación da comisión de selección.

5. O baremo aplicable ao concurso de méritos é o que se publica como anexo II a esta orde.